

GUIAS DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL

# Granxas cinxéticas

\* TERRITORIO MANCOMUNIDADE  
DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN

99\*

  
IGAPE  
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

  
BIC GALICIA

  
FSE

<http://guias.bicgalicia.es>

**ÍNDICE:**

|   |    |
|---|----|
| 1. ¿Qué é este documento?.....  | 3  |
| 2. ¿Qué zonas comprende o estudo?.....  | 4  |
| 3. ¿Qué é unha granxa cinexética? .....   | 5  |
| 4. ¿Cantas granxas cinexéticas hai na zona? ¿Que características presentan?.....                    | 6  |
| 5. ¿Quen son os clientes dunha granxa cinexética? .....   | 7  |
| 6. ¿Cal é o mercado actual das granxas cinexéticas? .....   | 8  |
| 7. ¿Cal é o futuro da actividade?.....  | 9  |
| 8. ¿Como competir no mercado?.....  | 10 |
| 9. ¿Como se dan a coñecer aos clientes? .....   | 12 |
| 10. ¿Que partidas de investimento require? ¿E cales son as partidas de gasto mais importantes?..... | 13 |
| 11. ¿Como se organiza o persoal e que perfil profesional require? .....                             | 15 |
| 12. ¿Que axudas existen para iniciar a actividade?.....   | 16 |
| 13. ¿Que organismos e páxinas web poden serme útiles? .....   | 17 |
| 14. NOTA DOS AUTORES .....  | 18 |

## 1. ¿Qué é este documento?

O seguinte documento é o resultado dun proceso de adaptación das Guías de Actividade aos contornos locais, proceso que se enmarca dentro do **Proxecto de Detección de Oportunidades de Negocio: Dinamización Empresarial** dirixida nas comarcas de Galicia, desenvolvido polo BIC Galicia en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción do Emprego e coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Os Axentes de Desenvolvemento Local e os Técnicos de Emprego son elementos de dinamización do territorio e actúan como intermediadores e colaboradores no desenvolvemento económico e social, é dicir, teñen un contacto directo cos emprendedores e deben exercer unha actuación dinámica, de asistencia técnica e estar en constante proceso de busca e actualización da información económica e social. Por outra parte, as Guías de Actividade Empresarial configúranse como o instrumento de asesoramento aos emprendedores e de impulsión de novas empresas, xa que permiten avaliar novas ideas de negocio e axudan aos técnicos e emprendedores a analizar a viabilidade dun proxecto empresarial. Este documento xurde, por tanto, co obxectivo de acercar a información contida na Guía de Empresas de Granxas Cinxéticas á realidade económica deste territorio, ofrecéndoche unha información máis cercana do teu ámbito social e empresarial.

A adaptación da información ás características da zona foi realizada polos técnicos locais de emprego dos concellos da Mancomunidade de Municipios de Verín, que forman parte da Rede de Técnicos de Emprego coordinada pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, así como dos técnicos dos Grupos de Acción Local que na actualidade están desenvolvendo as iniciativas comunitarias LEADER +, e os técnicos de outras entidades relacionadas coa dinamización empresarial, como a Antena Cameral de Verín, a Mancomunidade de Municipios de Verín e a Federación de Mulleres Rurais de Ourense.

Para completar a información que ofrece esta guía con datos no ámbito galego e nacional, deberás ter a Guía de Granxas Cinxéticas para Galicia, que está á túa disposición na web: <http://guias.bicgalicia.es>.

## 2. ¿Qué zonas comprende o estudio?

A Zona de intervención deste estudio comprende os términos municipais de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós, integrados na Mancomunidad de Municipios de Verín. A Mancomunidad de Municipios de Verín atópase ao Sul da provincia de Ourense, entre os 41° 48´ e os 42° 12´ de latitude norte. Limita ao sul con Portugal, e nos seus extremos occidental e oriental coas comarcas ourensanas de A Limia e Viana. Conta cunha superficie total de 893,19 Km<sup>2</sup> que se distribúen en 84 parroquias.



### 3. ¿Qué é unha granxa cinexética?

Unha **explotación cinexética** é unha explotación constituída sobre terreos cinexéticos destinados á produción comercial extensiva de pezas de caza ou á comercialización de xornadas ou accións de caza. Dentro desta definición inclúense tres tipos de negocios distintos:

- Explotacións cinexéticas industriais (granxas cinexéticas): aquelas instalacións dedicadas á produción intensiva de pezas de caza para a súa comercialización.
- Explotacións cinexéticas comerciais: explotacións dedicadas ó aproveitamento regular e lucrativo dos terreos, con utilidade cinexética.
- Explotacións cinexéticas mixtas: aquelas nas que son simultáneas a práctica da caza coa produción de pezas de caza.

As explotacións cinexéticas industriais e mixtas constitúen o obxecto de estudo da presente guía. Este tipo de instalacións poden aparecer nos rexistros da Consellería de Medio Rural baixo a denominación de explotacións cinexéticas comerciais.

As granxas cinexéticas poden distinguirse en función do tamaño dos animais que nelas se crían. Así, distínguense:

- Granxas cinexéticas de caza maior: son as destinadas á produción de especies cinexéticas de maior tamaño: xabaril, corzo, cervo, gamo, etc.
- Granxas cinexéticas de caza menor: destínanse á produción de especies cinexéticas de menor tamaño: perdiz, paspallás, faisán, coello, lebre, etc.

En principio, todas as especies cinexéticas cazables son susceptibles de cría neste tipo de explotacións. De todos modos, segundo o estudo de campo realizado para a elaboración desta Guía, a caza menor é o principal obxecto de produción, con predominio de perdices, faisáns, paspallás e coellos.

O proceso de produción de especies cinexéticas divídese en dúas fases distintas, que se poden realizar nunha mesma granxa ou en granxas independentes:

- Cría: os animais reprodutores destínanse á produción de ovos para o consumo ou ben á cría de pitos, no caso das aves, ou gazapos, no caso dos coellos e as lebres.
- Recría: as crías dos animais completan o seu desenvolvemento e adáptanse ao medio, no caso das destinadas á repoboación.

## 4. ¿Cantas granxas cinexéticas hai na zona? ¿Que características presentan?

Segundo os datos facilitados polo Servizo de Infraestruturas e Estruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural, nesta zona só existe unha granxa cinexética actualmente, que está ubicada en Verín e dedícase á repoboación de faisáns.

Polo que respecta á condición xurídica, a granxa existente no municipio de Verín é de titularidade privada.

En canto ao volume de facturación das empresas do sector varía en función do prezo que fixe a granxa e da especie cinexética obxecto de produción. Por esta razón, consideramos máis adecuado realizar unha clasificación das empresas segundo o número de especies que críe:

- Explotación pequena: menos de 3.000 cabezas.
- Explotación mediana: entre 3.000 e 10.000 cabezas.
- Explotación grande: máis de 10.000 cabezas.

Se comentamos os datos de emprego, como ocorre co resto de actividades gandeiras en Galicia, as granxas cinexéticas son entendidas moi frecuentemente como unha forma de autoemprego. Por esta razón normalmente todas as tarefas e funcións recaen sobre unha mesma persoa (o emprendedor) que en ocasións pode verse axudado por familiares ou outro tipo de colaboración voluntaria. A medida que a granxa vaia crescendo pódese analizar a contratación dalgún empregado con carácter fixo.

En canto ás instalacións, As granxas cinexéticas contan con instalacións moi diferentes, que poden variar en función de distintos factores:

- Número de animais producidos.
- Número de especies cinexéticas obxecto de produción.
- Fases do proceso productivo desenvolvidas na granxa.

O tamaño das instalacións pode oscilar entre os 2.000 e os 5.000 m<sup>2</sup>, repartidos entre os parques de voo e os valados (que poden ocupar cerca do 90% da superficie) e a nave que albergará as oficinas e o almacén. No caso de que a granxa se dedique á cría de aves, tamén disporá dunha sala para as fases de incubación e nacemento e outra para a de primeiros coidados.

## 5. ¿Quen son os clientes dunha granxa cinexética?

A composición da carteira de clientes dunha granxa cinexética variará en función do tipo de actividade que desenvolva. Así, distinguimos tres tipos de clientes que poden demandar produtos moi distintos:

-TECOR's: as granxas cinexéticas son entendidas a miúdo como unha actividade complementaria destas sociedades. As granxas que realizan recría de animais véndenos co fin de repoboar os terreos ou directamente para a súa caza.

-Outras granxas cinexéticas: neste caso poden demandar dous tipos distintos de produtos, segundo a fase do proceso productivo que se leve a cabo na granxa. Así, se a túa granxa se dedica á cría, pode venderlle a outras granxas pitos ou gazapos para a recría, mentres que se se dedica á recría poderá vender reprodutores para a cría.

-Empresas da canle de distribución: hoxe en día este grupo de clientes son os que teñen menos peso dentro da carteira de clientes das granxas cinexéticas galegas. Sen embargo, representan unha oportunidade que permite diversificar os riscos da granxa e romper coa estacionalidade da demanda. A granxa pode vender para consumo os ovos (no caso das aves) ós que non lles poida dar saída no mercado cinexético ou ben os animais cebados.

Os clientes que compran animais destinados a usos cinexéticos valoran o prezo en gran medida, aínda que tamén son moi importantes as calidades dos animais: que estean adaptados ó medio (aptitude ó voo á carreira) e en estado salvaxe, que non contengan con exceso de peso, que teñan bo emplume e ausencia de *picotazos* no caso das aves e boa pel no caso dos mamíferos. Outros aspectos que se deben ter en conta son a capacidade de resposta e rapidez no abastecemento. A granxa, ademais, ten que contar cos animais acordados no momento preciso de tempo, pois a xornada de caza depende da dispoñibilidade deses animais.

No caso dos animais vendidos para consumo, o prezo segue sendo un valor de compra moi importante, aínda que tamén se valora o peso dos animais e a calidade da súa alimentación.

## 6. ¿Cal é o mercado actual das granxas cinexéticas?

En canto ao tamaño do mercado, como non dispoñemos dos datos sobre o número e valor das especies cinexéticas cobradas nos TECOR´s da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, o que faremos será aportar os datos sobre o número de cotos existente e a súa superficie; así como do número de individuos cazábeis por concello:

| Concello             | nº cotos  | superficie    |
|----------------------|-----------|---------------|
| Castrelo             | 2         | 13.319        |
| Cualedro             | 2         | 7.464         |
| Cualedro-Sarreaux    | 1         | 5.374         |
| Laza                 | 4         | 27.442        |
| Monterrei            | 1         | 9.727         |
| Verín-Oímbra         | 1         | 12.890        |
| Vilardevós           | 1         | 15.209        |
| <b>Mancomunidade</b> | <b>12</b> | <b>91.425</b> |

O concello de Laza é o que presenta un maior número de cotos e de superficie de aproveitamento cinexético, co 30% do total. Sen embargo, se temos en conta a superficie dos cotos, destacan principalmente Vilardevós e Verín-Oímbra.

Se analizamos as especies, vemos que o coello é a especie cinexética con maior presenza na zona, xa que supón o 66,5% dos individuos existentes. Son tamén destacables outras especies como a perdiz rubia ou a lebre, aínda que en moita menor medida.

Facendo a mesma análise por concellos, Ladairo e Vilardevós concentran case a metade do negocio cinexético de caza menor na Mancomunidade, seguidos de Castrelo do Val, con case o 17%.

## 7. ¿Cal é o futuro da actividade?

| AMEAZAS  | OPORTUNIDADES   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>&gt; Reducción das licencias de caza.</li> <li>&gt; Confusión normativa.</li> <li>&gt; Traspaso de competencias administrativas en curso.</li> <li>&gt; Falla de información.</li> <li>&gt; Deterioro medioambiental.</li> <li>&gt; Presión de grupos ecoloxistas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>&gt; Tradición da actividade da caza.</li> <li>&gt; Incremento no nivel de vida.</li> <li>&gt; Consideración de productos delicatessen.</li> <li>&gt; Maior aprecio pola carne de caza.</li> <li>&gt; Turismo cinexético.</li> </ul>                   |
| PUNTOS FORTES  | PUNTOS FEBLES   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>&gt; Alta fidelización dos clientes.</li> <li>&gt; Posibilidades de diversificación da produción.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>&gt; Estacionalidade.</li> <li>&gt; Alta dependencia da produción das condicións climatolóxicas e das enfermidades.</li> <li>&gt; Escasa implantación dos sistemas de aseguramento de calidade.</li> <li>&gt; Baixo grao de asociacionismo.</li> </ul> |

## 8. ¿Como competir no mercado?

A carteira de productos das granxas cinexéticas está integrada por tres tipos distintos de productos: ovos, animais vivos e carne.

As granxas avícolas que incorporan dentro do seu proceso productivo a fase da cría poden optar por comercializar o excedente de ovos da posta. Os ovos da paspallás, en concreto, son moi apreciados polas súas cualidades saudables e polo seu sabor.

En canto aos animais vivos que comercializa a granxa, podemos distinguir:

- Pitos ou gazapos.
- Animais adultos.

Outro producto que poden ofrecer as granxas son os animais para consumo. Segundo as entrevistas realizadas en Galicia aínda se recorre pouco a esta opción, aínda que se ten constancia da existencia de probas experimentais para lanzar estes productos ao mercado. O faisán, por exemplo, é un animal cunha carne moi apreciada e que ten unha demanda relativamente importante no Nadal.

Aínda que no apartado 2 Descrición da Actividade e Perfil da Empresa-tipo centramos o estudo en cinco tipos de animais, a continuación mostrámosche a relación de especies cazables de caza menor e, por tanto, susceptibles de cría:

|                              |                               |
|------------------------------|-------------------------------|
| <b>Cerceta real</b>          | <b>Alavanco real</b>          |
| <b>Pato rabilongo</b>        | <b>Pato cullerete</b>         |
| <b>Parrulo chupón</b>        | <b>Parrulo cristado común</b> |
| <b>Perdiz rubia</b>          | <b>Perdiz charrela</b>        |
| <b>Paspallás</b>             | <b>Faisán común</b>           |
| <b>Galiñola negra</b>        | <b>Avefría</b>                |
| <b>Arcea</b>                 | <b>Becacina cabra</b>         |
| <b>Gaivota chorona común</b> | <b>Gaivota escura</b>         |
| <b>Coroa clara</b>           | <b>Pomba brava</b>            |
| <b>Pomba zura</b>            | <b>Pombo torcaz</b>           |
| <b>Rula turca</b>            | <b>Rula común</b>             |
| <b>Tordo real</b>            | <b>Tordo galego</b>           |
| <b>Tordo malvis</b>          | <b>Tordo charlo</b>           |
| <b>Estornio pinto</b>        | <b>Pega rabilonga</b>         |
| <b>Gralla cereixeira</b>     | <b>Corvo</b>                  |
| <b>Raposo</b>                | <b>Coello</b>                 |
| <b>Lebre</b>                 |                               |

En canto ao prezo, no mercado cinexético existe unha gran diversidade de prezos e a oscilación entre unha granxa e outra pode chegar a superar o 100%. Esta circunstancia vén xustificada porque as granxas públicas teñen uns prezos subvencionados, mentres as granxas dos TECOR's poden establecer prezos non competitivos (superiores ou inferiores aos de mercado).

## 9. ¿Como se dan a coñecer aos clientes?

Nos primeiros meses de andadura da empresa o emprendedor deberá dedicarse a visitar TECOR's e demais clientes obxectivos, coa fin de presentar a súa granxa e os produtos que vai ofrecer. A actividade comercial céntrase principalmente nas épocas con menor nivel de traballo na granxa, xusto despois de rematar a tempada de caza, o que lle permite ao emprendedor compatibilizar as dúas actividades.

Polo que respecta aos produtos destinados ao consumo, a canle de distribución non se encontra claramente definida, debido ás escasas iniciativas que existen neste terreo. No seguinte fluxograma amosámosche as canles de distribución destes produtos; con liña descontinua amósase a canle que podería chegar a desenvolverse no futuro, mentres que con liña continua se amosa a canle actual:



As granxas cinexéticas utilizan moi poucas ferramentas de promoción. Antes de comezar a actividade o primeiro paso é a creación dunha imaxe corporativa que se plasmará en distintos soportes: rótulos, tarxetas, facturas, furgonetas, etc.

A maioría dos empresarios entrevistados sinalan o *boca a boca* como unha forma habitual de obtención de novos clientes. Ademais destas formas de promoción existen outras de carácter formal:

- -Publicacións en directorios comerciais.
- -Anuncios en prensa e revistas especializadas.
- -Asistencia a feiras.
- -Páxina web.

## 10. ¿Que partidas de investimento require? ¿E cales son as partidas de gasto mais importantes?

A grande diversidade de granxas cinexéticas existentes fai que a contía e as partidas dos investimentos necesarios para comezar a actividade varíen en función de distintos parámetros, entre os que están:

- a variedade de especies cinexéticas que se críen.
- as especies cinexéticas obxecto de produción.
- o volume de animais que vaia albergar a granxa.
- as fases do proceso de produción que se desenvolvan nela.
- o destino das especies.

A isto haille que engadir, como xa se sinalou anteriormente, a condición de actividade complementaria que posúen as granxas cinexéticas o que dificulta a imputación dos investimentos (igual que ocorrerá cos gastos) a unha actividade concreta.

Por ambas as dúas razóns, amósase a continuación unha relación das partidas máis importantes para o acondicionamento da granxa e o comezo da produción:

- terreos
- construcións
- maquinaria
- animais
- mobiliario
- ferramentas de man e útiles
- elementos de transporte
- equipos para procesos de información
- *stock* de arrinque
- gastos de constitución e primeiro establecemento

As dimensións do terreo poden variar desde os 2.000 m<sup>2</sup> ós 5.000 m<sup>2</sup>, e o prezo por metro cadrado dependerá da zona na que se asente o terreo e das condicións nas que se atope o mesmo.

Segundo as entrevistas realizadas a propietarios de granxas, podemos estimar que os investimentos necesarios para o inicio da actividade sitúanse entre os 60.000 e os 120.000 euros.

Para a cuantificación dos gastos variables débense de diferenciar as dúas fases de produción dos animais:

- Cría: nesta etapa o único gasto variable que debe afrontar a granxa son os gastos na alimentación dos reprodutores. A dieta destes animais

está baseada en cereais, pensos, herbas e hortalizas. Os gastos variables medios nesta etapa están entre o 20% e o 30%.

- Recría: nesta etapa, ademais do gasto da alimentación dos animais debemos ter en conta o gasto que implica a adquisición de poliños ou gazapos para a recría. Os gastos variables medios poden roldar o 70%.

A estes gastos haille que engadir un incremento a causa do índice de mortalidade que sofren estes animais. Dunhas granxas a outras existen, de todos modos, moitas diferencias, igual que as hai dunhas especies a outras. En base ás entrevistas realizadas estímase que o grao de mortalidade pode oscilar entre un 10 e un 30%. Non obstante, debes ter en conta que a incidencia dunha praga sobre a túa poboación de animais podería aumentar o número de mortes sensiblemente.

Polo que respecta ós gastos fixos, a continuación mostrámosche unha relación das principais partidas que debes ter en conta:

- Gastos de persoal (soldos + SS)
- Abastecementos
- Comunicaci3ns
- Combustible
- Reparaci3ns e conservaci3n
- Renovaci3n de animais
- Publicidade
- Servici3s de profesionais independentes
- Traballos realizados por outras empresas
- Uniformes
- Primas de seguros
- Gastos financeiros
- Amortizaci3ns
- Material de limpeza e sanitario

## 11. ¿Como se organiza o persoal e que perfil profesional require?

O perfil máis habitual do emprendedor que decide abrir unha granxa cinxética correspóndese co dunha persoa con coñecementos ou relacionada coa actividade da caza. Non é necesaria ningunha titulación específica para o desenvolvemento da actividade, anque tamén se detectaron empresarios que contan con estudos de enxeñería agrónoma ou de montes.

A fragilidade dos animais e as peculiaridades de cada un deles fai conveniente que as persoas encargadas dos seus coidados posúan coñecementos previos e conten con experiencia na actividade.

En todo caso o exercicio da actividade será un proceso formativo continuo, pois as carencias de información e de asesoramento sobre formas de manexo da granxa e dos animais fan que en moitas ocasións se adopten as decisións seguindo un proceso de proba e erro.

A condición de negocios unipersoais que teñen as granxas cinxéticas fai que non adoiten contar cunha estrutura organizativa propiamente dita. No emprendedor recaerán todas as funcións da granxa, desde a realización das actividades comerciais ata o coidado dos animais.

A medida que a empresa vaia medrando e o volume de produción aumente pode contemplarse a posibilidade de contratar a algún empregado para a realización de tarefas de apoio: alimentación dos animais, coidados sanitarios, limpeza da granxa, etc.

## 12. ¿Que axudas existen para iniciar a actividade?

Existe un gran abano de axudas que pretenden facilitar o camiño do emprendedor, ofrecidas pola Consellería de Traballo, IGAPE e o ICO.

Entre os programas de axuda que coordina a Dirección Xeral de Emprego, destacamos os apoios á contratación por conta allea e o fomento do autoemprego e a economía social.

O IGAPE, pola súa parte, ofrece axudas destinadas a favorecer a aparición dos emprendedores, concesión de microcréditos para a adquisición de activos fixos.

O ICO ofrece financiamento en condicións preferentes para os investimentos en activos fixos productivos por parte das PEMES e tamén concede microcréditos para a posta en marcha de pequenos negocios ou microempresas.

## 13. ¿Que organismos e páxinas web poden serme útiles?

- Xunta de Galicia; [www.xunta.es](http://www.xunta.es)
- Instituto Galego de Promoción Económica: [www.igape.es](http://www.igape.es)
- Instituto Galego de Estatística: [www.ige.xunta.es](http://www.ige.xunta.es)
- Consellería do Medio Rural: <http://mediorural.xunta.es/>
- Consellería de Medio Ambiente: [www.medioambiente.xunta.es/](http://www.medioambiente.xunta.es/)
- Consellería de Sanidade: [www.sergas.es/](http://www.sergas.es/)
- Portal especializado da caza: [www.cazalegal.esp.st](http://www.cazalegal.esp.st)
- Portal cinexético: [www.naturalezaycaza.com](http://www.naturalezaycaza.com)
- Páxina do sector cunícola: [www.conejos-info.com](http://www.conejos-info.com)
- Portal da avicultura: [www.avicultura.com](http://www.avicultura.com)
- Revista de caza: [www.cazagalega.es](http://www.cazagalega.es)
- Federación Española de Caza: [www.fedecaza.com](http://www.fedecaza.com)
- Portal de información agropecuaria: [www.ergomix.com](http://www.ergomix.com)

## 14. NOTA DOS AUTORES

### **Autores da adaptación:**

**Bruno Vilela López, Técnico da Antena Cameral de Verín**

As referencias nominais subministradas nesta Guía, tales como centros de estudio, asociacións, institucións, feiras, páxinas web, etcétera que o lector pode encontrar ao longo da lectura deste documento non pretenden ser unha enumeración exhaustiva senón unha mostra orientativa das entidades detectadas durante a elaboración deste estudio. É posible que existan outras referencias, similares ás citadas, que non foran incluídas por non constituir tales relacións o obxectivo principal da presente Guía.

Todos os datos relacionados con estatísticas, lexislación, cursos, axudas e calquera outra información susceptible de ser actualizada, foron obtidos durante a realización da presente Guía.

Santiago de Compostela, novembro de 2006